# BIBLIOTECA ESCOLAR
# GUÍA DE LECTURA

## Novidades
## 3º trimestre
2011-2012




**Manuel Rivas, O máis estraño**. Xerais, 2011.

Manuel Rivas reúne todos os seus relatos nesta obra. En O máis estraño aparecen relatos xa célebres como «A barra de pan» ou «A lingua das bolboretas», contos extraordinarios por descubrir como «A chegada de Ingrid», e inéditos sorprendentes como «A sombra do soño».

**Haruki Murakami , 1Q84 Libro 3 (2011) Galaxia.**

Na terceira e última parte de 1Q84 Murakami continúa a historia de Aomame e Tengo Logo da publicación dos Libros 1 e 2, moi ben recibidos entre as lectoras e os lectores galegos e con excelentes críticas no noso país, volven Aomame e Tengo, desta vez na compaña do detective Ushikawa. Haruki Murakami continúa a historia de Aomame, que, despois de asasinar o líder da seita Vangarda, refúxiase nun apartamento agochado mentres conserva a esperanza de reencontrarse con Tengo, o outro protagonista da novela.




## LIBROS PARA TODOS/AS




**CONCHA MARTÍNEZ NARVÁEZ e MARÍA SALMERÓN LÓPEZ . El abrazo de la muerte Ed. Anaya (2011). Máis de 12 anos.**
Tres historias de medo compoñen este libro que nos farán tremer mentres nos somerxemos nos seus escuros ambientes. Un cemiterio, un hostal e unha vella casa grande serán os escenarios destes relatos que nos acelerarán o corazón e farán que nos xiremos inquedos cando creamos ver unha sombra ás nosas costas

## CINE GALEGO

**Crebinsky**
As choivas torrenciais provocan a enchente do río, que inunda un pobo. A corrente arrastra ós irmáns Crebinsky e a súa vaca, que aparecen milagrosamente vivos nun lugar da costa. Crecen alí, ao pé dun faro, a base de sobrevivir recollendo cousas que trae o mar. Illados dos acontecementos bélicos que lles rodean, crean o seu propio mundo: Un universo particular de realismo fantasioso.
O ritmo cotiá de convivencia coa súa vaca Muchka, vese alterado cando esta desaparece.
É entón cando os irmáns inician unha busca desesperada que os levará da costa cara ó interior.

**María Menéndez-Ponte, Maldita adolescente.** SM. Adriana escribe cartas a Nick, dos Backstreet Boys, contándolle todo o que lle pasa; Iván é un apaixonado dos poemas de Antonio Machado e escribe a Adriana varias cartas que esta nunca lerá. Tan só cando é demasiado tarde, Adriana descubrirá os sentimentos do seu compañeiro de clase.

**IES Lama das Quendas**

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas

**<u>El chico rumano</u>, Alfaya Bula, Javier.** Anaya. A partir de 12 anos.

Un neno inmigrante, que se busca a vida vendendo periódicos, tópase en varias ocasións cun home que sae cada día a pasear cos seus cans. Unha noite o neno aparece nun portal consumido pola febre, e o home decide facerse cargo. Así comeza unha historia que se vai complicando a medida que se descobre que o rapaz estivera en mans dunha banda de delincuentes que, segundo se sospeita, se dedica a distintas actividades criminais, entre elas a pedofilia e o tráfico de órganos.

**Mar Cole, <u>La última jungla</u>**. Ed. Oxford. Recomendado para + de 12 anos.

Unha adolescente e a súa nai brasileira, recentemente viúva, viaxan dende Nova York a Belén, unha pequena cidade de Brasil, pois a nai conseguiu un traballo alí. A estanza en Belén supoñerá para a rapaza unha maduración na súa visión do mundo, un cambio na relación coa súa nai e a aceptación, en parte, da morte do pai.

*LIBROS PARA TODOS/AS en galego*

**Anxo Fariña** (Autor e ilustrador). **<u>A chave da Atlántida.</u>** Premio Merlín de Literatura Infantil 2011. De 11 anos en diante.
A chave da Atlántida é unha novela de ciencia ficción na que, a un ritmo trepidante, se mesturan os mitos dunha civilización antiga coas posibilidades ofrecidas polas biotecnoloxías e da robótica do futuro.




**Agustín Fernández Paz**, **<u>Non hai noite tan longa</u>**. Xerais (2011).
Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezaoito anos marchou de Monteverde, a súa vila natal, e nunca máis volveu. Nin sequera cando morreu o seu pai, inxustamente acusado dun delito polo que foi condenado e encarcerado, nun proceso que provocou a súa morte, en 1972. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar e …

**Agustín Fernández Paz. <u>Fantasmas de luz</u>**. (2011).
Desde hai trinta e cinco anos, Damián traballa como operador de cabina no mellor cine da cidade. Cando recibe a noticia de que a sala vai desaparecer e que todos os empregados serán despedidos, a súa vida experimenta un cambio extraordinario que tamén afecta a Marga, a súa dona. Fantasmas de luz tamén quere ser unha homenaxe ao cine.




**<u>Héctor Carre, Febre.</u>** Premio Fundación Nova Caixa Galicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil 2011 - Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil 2011. Un western moderno, onde a pesar de que a súa loita é xusta, os heroes non son perfectos nin están exentos de culpa.

**Anxo Fariña, <u>Os megatoxos e a cara oculta da lúa</u>**.Sopa de libros, Xerais 2011.

**O**s Megatoxos son catro mozos que teñen que compatibilizar as clases no instituto, cunha dobre vida que os impulsa a viaxar na procura dunha cura para a súa mutación xenética, un cambio provocado por unha planta moi especial, o Toxo. Esta planta mutante ten, entre outras, a capacidade de viaxar no espazo e no tempo.